XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138

# CIRCULAR MA-02-2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE DITAN AS INSTRUCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DOS PLANS DE XESTIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS EN ZONAS DE AUTORIZACIÓN E PLANS ESPECÍFICOS PARA ZONAS DE LIBRE MARISQUEO PARA OS ANOS 2021, 2022 E 2023.

Esta circular ten como obxectivo facilitar a elaboración e presentación dos plans de xestión para moluscos bivalvos en zonas de autorización e plans específicos para as zonas de libre marisqueo, por parte das agrupacións sectoriais e entidades asociativas do sector para o trienio 2021- 2023, de conformidade co Decreto 153/2019, do 21 de novembro polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

Algunhas das principais novidades da norma é que os plans de xestión de marisqueo pasan a ter unha vixencia trianual, e que neles, xunto á planificación da explotación dos recursos, recolleranse aspectos de carácter medioambiental e socioeconómico, que quedan asociados ao plan a través do establecemento dos seus obxectivos.

## NORMATIVA DE REFERENCIA PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DOS PLANS DE XESTIÓN:

- Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
- Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas.

## A. PRESENTACIÓN DOS PLAN DE XESTIÓN

1. Os plans de xestión deberán presentarse **antes do 1 de outubro de 2020.**

2. As solicitudes presentaranse a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/portada) mediante o formulario do procedemento normalizado PE403A - Plan de xestión marisqueira.

As solicitudes virán asinadas pola persoa que exerza a representación legal da entidade e no caso dos plans conxuntos, pola entidade nomeada como representante.

CVE: EsvBjyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



**Xunto coa solicitude,** a través da SEDE electrónica deberán achegarse os seguintes documentos, que conforman a documentación necesaria da solicitude:

**a)** Plan de xestión e anexos correspondentes, unidos nun único arquivo .pdf.

O plan debe cumprimentarse de acordo co indicado neste circular,

O plan debe elaborarse mediante o formulario Pexmar, accesible a través da URL: www.intecmar.gal/Sigremar/Pexmar_RecursosXerais., achegando os anexos que se vaian indicando en cada apartado.

Na páxina web http://mar.xunta.gal/es/o-mar/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade disponse dos anexos normalizados para os seguintes apartados:

- Anexo_3_Evolución da produción.
- Anexo relativo aos indicadores ambientais: Anexo 5.2.1. (Táboa de avaliación da información ambiental do plan: Anexo FEMP 11.1).

**b)** Arquivo .**txt** do plan, exportado dende a web do formulario Pexmar

Lémbrase que o tamaño máximo do conxunto de documentos achegados nunha solicitude na SEDE electrónica é de 50 MB, e non se admiten arquivos comprimidos.

**3.** Os plans para as zonas de autorización e para as zonas de libre marisqueo presentaranse separadamente, sen prexuízo da existencia de zonas de libre marisqueo tradicionalmente explotadas polo colectivo, que estean incluídas nos plans para as autorizacións, e nas que non se diferencia a explotación.

Cómpre lembrar que no caso das zonas de autorizacións para as que non presenten plans de xestión ou ben que se presentaron pero non foron aprobados, rexeranse polas normas de explotación que se establezan para as zonas de libre marisqueo.

**4.** Os plans específicos para as zonas de libre marisqueo que se presenten por primeira vez ou que non foran aprobados con anterioridade deberán incluír o informe das entidades interesadas na mesma zona de traballo.

De conformidade co artigo 10.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro as medidas de xestión propostas nestes plans deberán significar unha mellora significativa na explotación do banco natural de xeito que se aumente a súa produción e o seu aproveitamento sexa compatible cos obxectivos de conservación e xestión dos recursos marisqueiros recollidos nos puntos 1 e 4 do artigo 6 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



**5.** Poderán incorporarse especies accesorias ás principais incluídas nos plans de xestión (gasterópodos, solénidos).

**6.** En todo caso os plans presentados deben incluír a documentación que acredite que foi aprobado pola agrupación sectorial, de estar constituída, e que recibiu o informe ou a aprobación, segundo o caso, do órgano competente da entidade asociativa.

A aprobación do plan será acreditada mediante o órgano competente da Agrupación, e non mediante as actas das asembleas.

No suposto de que o informe do órgano competente da entidade se aparte da proposta de plan aprobada pola agrupación sectorial, a entidade deberá xustificar os motivos de tal separación co obxecto de poder valorar ambos plantexamentos.

**7.** Os plans de xestión, ben sexan presentados por unha soa entidade ou sexan conxuntos, reflectirán os acordos existentes entre confrarías/entidades que podan afectar a calquera punto do seu contido, e en particular ás zonas de traballo e aos participantes.

**8.** Nas propostas de plan de deberán figurar todos os contidos establecidos para os plans de xestión que figuran no anexo do Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

**9.** A documentación diferente á indicada ou esixida no modelo do plan, ou allea aos plans de xestión en si (normas e acordos de regulamento interno, etc...), que sexa incorporada coa solicitude non se considerará documentación do plan. En ningún caso a falta de pronunciamento sobre esta información nas propostas de aprobación da xefatura territorial ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro significará a súa aceptación.

## B. CONTIDOS DOS PLAN DE XESTIÓN

### 1. OBXECTIVOS DO PLAN

De acordo co establecido no Decreto 153/2019, do 21 de novembro, no plan deberá achegarse a definición dos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos xerais do plan, xunto cos respectivos obxectivos operacionais indicadores, niveis de referencia, e estratexias que se van utilizar mediante o desenvolvemento do plan para acadar os valores obxectivo anuais.

No plan deberán ficar definidos cando menos un obxectivo xeral de cada categoría (biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos). En todo caso deberá definirse algún obxectivo biolóxico en base á saúde dos stocks explotados e/ou na avaliación do volume do stock das especies.

En https://mar.xunta.gal/gl/o-mar/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade atópanse o formulario e as guías de orientación para facilitar a elaboración deste apartado.

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138


## 2. PARTICIPANTES

### 2.1. Relación de participantes.

Deberá indicarse o número de participantes e presentar en anexo a relación actualizada de todos os permisos de explotación e/ou embarcacións (nome, armador e matrícula) que participen no plan.

Cómpre recordar que o censo de participantes no plan de xestión é responsabilidade da entidade titular do plan.

Na modalidade desde embarcación poderase establecer un número máximo de tripulantes con dereito a cota por embarcación. No caso contrario, deberá indicarse o número máximo de tripulantes con dereito a cota para o conxunto dos barcos e/ou o número máximo de cotas de cada unha das embarcacións do plan.

### 2.2. Propostas de ampliación de participantes.

A entidade proporá o número máximo de participantes (mariscadores/ as a pé/embarcacións - habilitacións) no plan que se pretenda establecer para cada un dos anos de vixencia, que será a referencia numérica a observar nos procesos selectivos para o outorgamento de prazas que se podan convocar en cada un dos anos de vixencia do plan.

O número máximo de participantes, xunto cos días e os topes de captura, conforma o esforzo potencial do plan de xestión.

No caso de plans de xestión dende embarcación, a entidade poderá propor que a ampliación se realice mediante a incorporación de novas embarcacións e/ou incrementando o número de cotas entre as embarcacións que xa figuran no plan de xestión.

No caso de plans de xestión na modalidade de marisqueo a pé, se durante o desenvolvemento do plan se producisen vacantes definitivas ou temporais (caso da situación de incapacidade permanente total) e co obxecto de manter o número de participantes, empregarase a lista de reserva, de estar vixente, ou en caso contrario, iniciarse un novo proceso selectivo.

No caso dos plans de xestión a pé, cando se pretenda incorporar a persoas en posesión do permiso de explotación a pé para recursos específicos, xustificarase a situación social deste sector e todas aquelas circunstancias necesarias que permitan valorar a petición.

### 2.3. Planificación dos procesos selectivos para incorporar novos participantes.

Os procesos selectivos poderán iniciarse dende a data de aprobación do plan de xestión. Na proposta do plan indicarase o semestre do ano de preferencia para o inicio dos procesos selectivos

CVE: EsvBiylj06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138

Deste xeito, as xefaturas territoriais poderán iniciar de oficio os procesos selectivos, o que redundará nunha maior axilidade na incorporación dos novos permisos aprobados. Todo isto, sen prexuízo de que con anterioridade ao inicio do proceso, tivera lugar unha modificación das circunstancias da explotación, que motivase unha modificación da proposta do sector.

### 2.4. Participantes por cambio de entidade nos plans de xestión (permisos de explotación a pé)

No caso de que nos plans de xestión de marisqueo a pé se prevea unha ampliación do número de permisos, deberá indicarse se se reserva parte das prazas para posibles cambios de persoas interesadas en cambiar de entidade.

No caso de plans de xestión conxuntos, nos que os cambios entre as entidades titulares do plan non supoñen un incremento do esforzo pesqueiro bastará con que dita posibilidade veña recollida no plan.

### 2.5. Suspensións da vixencia do permiso de explotación a pé

As persoas titulares dun permiso de explotación a pé que teñen suspendida a vixencia do permiso de explotación deberán ser incluídas nos plans de xestión.

## 3. EVOLUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

**3.1** Os datos de evolución da produción e ingresos nos últimos 5 anos do plan de Presentaranse acordo co anexo 3_Evolución da produción (Impresión da folla RQ da última versión do AT2)., que figura no enlace https://mar.xunta.gal/gl/o-mar/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade.

**3.2** Os datos actualizados de seguimento do plan deberán estar dispoñibles na ftp do Intecmar (ftp.intecmar.gal) nas correspondentes follas AT.

## 4. AVALIACIÓN DOS RECURSOS

**4.1** Para unha avaliación completa do recurso incluirase a seguinte información:

**a)** Estudos realizados: datas da última mostraxe e tipo de mostraxe realizada.

**b)** Metodoloxía da mostraxe ou estimación do stock, metodoloxía para a estimación do stock comercial probable e da estimación de capturas para o ano de vixencia do plan.

**c)** Estimación do rendemento esperado por especie.

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138

**4.2** Recoméndase que a información que se inclúa na proposta do plan relativa ao seguimento das mostraxes realizadas non se estenda máis alá dos últimos 5 anos.

**4.3** No suposto de plans de explotación que se presenten por primeira vez, para novas especies ou para novas zonas, a avaliación do recurso será un requisito necesario para valorar a solicitude presentada.

**4.4** A mostraxe de referencia para a elaboración dos plans poderá non ser a de outono de 2020, sen prexuízo de que unha vez completada os resultados desta sexan incorporadas na ftp do Intecmar a través da correspondente folla AT0.

## 5. PLAN DE EXTRACCIÓN E MEDIDAS DE CONSERVACIÓN

### Ámbito do plan e zonas de traballo

**5.1.** Deberán aparecer claramente identificados os bancos, as zonas de produción, as especies e superficies que se veñen explotando. Os bancos identificaranse co nome local e co código asignado en Sigremar.

No caso de que a zona de traballo se subdivida en sectores recoméndase o uso dos números arábigos (1, 2, ...) en lugar dos números romanos (I, II,...) para a denominación das subzonas de traballo.

A actividade marisqueira poderá desenvolverse en todo o ámbito do plan, sen prexuízo da definición concreta de bancos que se poda establecer dentro do ámbito.

**5.2.** Os mapas dispoñibles na páxina http://ww3.intecmar.gal/Sigremar/ son os que deben incorporarse aos plans de xestión como anexo. Para facilitar a súa consulta deben imprimirse na capa Galicia con indicación da toponimia e os códigos dos bancos.

**5.3.** A definición de novos bancos ou zonas, ou a modificación dos xa existentes, deberán propoñerse a través do plan de xestión que se presenten. Así, para a súa valoración, deberá incluírse a seguinte información:

a) Se se trata de novas zonas de traballo no ámbito do plan, indicarase a proposta de nome para o banco e as especies existentes, e presentarse unha avaliación do recurso, así como se achegaran as coordenadas cartográficas e DATUM que define os vértices dos novos bancos.

b) Se se trata de novas zonas ou bancos, con respecto ao aprobado en plans de xestión anteriores, que estean en zonas de libre marisqueo deberá incluírse o informe das entidades que podan estar interesadas na mesma zona de traballo.

A inclusión ou modificación será aceptada ou non xunto coa aprobación do plan de xestión.

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138


Unha vez aprobado o plan de xestión, o servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros daralle traslado ao servizo de Planificación para a súa visualización en Sigremar.

**5.4.** No suposto de detectarse algún erro na información xa dispoñible en Sigremar deberáselle notificar ao/á biólogo/a de zona para que este llo comunique ao servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros. Será este último o que lle dará traslado ao servizo de Planificación para a súa visualización en Sigremar.

**5.5.** No caso de presentarse plans separados para as modalidade de marisqueo a pé e a flote, con carácter xeral, non poderá haber coincidencia nas zonas de traballo.

No caso de presentarse un único plan de xestión para as dúas modalidades, deberán reflectirse no plan de xestión os acordos de delimitación entre ambos colectivos.

Para modificar os límites existentes entre zonas de traballo a pé e a flote será preciso que se achegue o acordo que se estableza entre as agrupacións sectoriais.

**5.6.** Deberá facerse especial atención a que non existan solapamentos cos ámbitos de traballo doutros plans de xestión.

**5.7.** Naquelas zonas onde existan bancos clasificados como C, será preciso que se remita de forma diferenciada os datos relativos á avaliación destes bancos, así como a súa proposta de explotación (calendario, cotas máximas de captura, días máximos de extracción...). Nos casos establecidos que teñan como destino a reinstalación, o plan de extracción e comercialización deberá ser eficiente co sistema de reinstalación.

**5.8.** No caso de plans de xestión a pé, a entidade indicará as zonas de reserva para a extracción de poliquetos polos pescadores de lecer, anexando a cartografía de ditas áreas.

Se a entidade non indica o contrario na solicitude do plan de xestión**,** as zonas de reserva para a extracción de poliquetos polos pescadores de lecer que foron establecidas nos plans aprobados para o ano 2019, prorrogados ata o 31/12/2020 polo Decreto 155/2019 manteranse no 2021, 2022 e 2023.

Non obstante, poderán ser actualizadas coa incorporación de novas zonas, que se identificarán mediante coordenadas xeográficas. A proposta de supresión ou modificación dalgunha das zonas xa autorizadas deberá estar motivada, e neste último caso tamén será preciso a presentación de coordenadas xeográficas.

**5.9. Horario de traballo**

Indicarase o horario proposto para desenvolver a actividade extractiva.

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



### 5.10. Uso de artes

Cando se pretendan establecer restricións ao uso dunha arte autorizada no que respecta á zona e/ou á época do ano na que se vaia a empregar ou usar unha arte con características máis restritivas (p.e. maior separación entre variñas do raño) que as establecidas na normativa, deberá xustificarse motivadamente para que dita solicitude poda ser valorada polo persoal técnico.

### 5.11. Tamaño mínimo de extracción e comercialización

Cando se pretenda establecer unha tamaño mínimo de extracción e comercialización superior ao contemplado na normativa vixente, deberá indicarse no plan de xestión.

En relación ao tamaño mínimo de extracción da ameixa babosa, seguirase o disposto na disposición adicional única da Orde do 27.7.2012, pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia. En calquera caso a proposta deberá estará sometida a valoración por parte do persoal técnico da Consellería do Mar.

### 5.12. Calendario anual previsto de extracción que inclúa o número probable de días

Deberá facerse con base no histórico do plan, o estado dos recursos e ás necesidades do sector.

De ser o caso, indicarase a previsión de realizar actividade extractiva en xornadas diferentes das de carácter xeral (de luns a venres), de acordo co establecido no artigo 6 e no preámbulo do Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

### 5.13. Cotas de captura por especie previstas por persoa mariscadora e día ou embarcación.

Diferenciaranse os topes diario de captura para cada modalidade de aceso ao recurso

### 5.14. Puntos de control

Os puntos de control son elementos imprescindibles dos plans  no plan de xestión. Neles, o persoal responsable do control realizará a revisión das capturas realizadas por cada participante en cada xornada de extracción, asegurando o cumprimento da normativa e das condicións de extracción autorizadas.

- Especies autorizadas
- Topes de extracción
- Tallas de captura
- Horario de traballo

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



Polo tanto, deberá indicarse:

a) A súa ubicación (presentarase anexo coas coordenadas xeográficas da situación dos puntos de control, plano da súa localización e descrición dos límites no caso de ser necesario)

b) As persoas responsables e sistema de funcionamento, de acordo coa información solicitada no formulario de modelo de plan que inclúe:

- Responsables e participantes,
- Carácter permanente ou rotatorio das persoas no punto de control
- Elección e comunicación ás persoas interesadas
- Control das persoas destinadas ao punto de control
- Número das persoas que participan nos puntos de control
- Horarios
- Sistema de control dos topes de capturas e tamaños (manual, con clasificadora ou ambos)
- Sistema de transporte do marisco da zona de produción-punto de control á lonxa
- De ser o caso, compensación das persoas que participan nos puntos de control
- Breve descrición de outra información de interese que se considere

## 6. ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, RECUPERACION OU MELLORA DOS HABITATS E ZONAS DE PRODUCIÓN

Deberá definirse o tipo de actividade, as épocas e zonas de actuación previstas, así como a metodoloxía a empregar.

Cando se desenvolvan accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción debe indicarse se os traballos son obrigatorios e se computan para a renovación do permiso de explotación de marisqueo a pé.

No plan de xestión incluirase una breve descrición dos seguinte apartados:

- Persoas responsables da organización dos traballos
- Sistema para establecer as quendas dos traballos
- Forma de comunicación dos traballos aos interesados
- Forma de control da realización dos traballos
- Sistema de xustificación para as persoas que desenvolvan os traballos

As accións de control de depredadores e de especies exóticas/ invasoras deberán figurar axeitadamente planificadas na proposta de plan, debendo figurar como mínimo a metodoloxía, zonas, épocas e especies obxecto de control.

CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



## 7. ACCIÓNS DE COIDADO, CONTROL, SEGUIMENTO, PROTECCIÓN E VIXILANCIA DOS BANCOS MARISQUEIROS:

Cando se desenvolvan accións de, control, seguimento protección e vixilancia dos bancos marisqueiros debe indicarse se os traballos son obrigatorios e se computan para a renovación do permiso de explotación de marisqueo a pé.

No plan de xestión incluirase una breve descrición dos seguinte apartados:

- Persoas responsables da organización dos traballos
- Organización dos traballos de vixilancia profesional
- Vixilancia informativa polos mariscadores:

- Épocas
- Sistema de establecemento das quendas de traballos
- Forma de comunicación dos traballos aos participantes
- Control da realización dos traballos polos interesados
- Sistema de xustificación para as persoas que desenvolvan os traballos.

Lémbrase que as actividades de vixilancia informativa nocturna só poderán desenvolverse se existe acordo da Asemblea Xeral da Agrupación sobre a cuestión.

## 8. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ELIMINAR PRÁCTICAS DE PESCA ILEGAIS (INDNR)

No apartado 5.3 describiranse aquelas medidas cuxa aplicación a través do plan contribúe a previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e no regulamentada (pesca INDNR).

Estas medidas poden referirse  tanto a actividades de formación destinadas a participantes do plan ou a terceiros, así como ao de control da actividade:

- Accións de control para a aplicación das medidas de explotación e conservación aprobadas pola entidade.

- Medidas para a declaración adecuada de capturas.

- Medidas para previr a actividade ilegal de terceiros que non pertencen a entidade.

## 9. INFORMACIÓN AMBIENTAL DO PLAN

No plan incorporarase información relativa aos indicadores que se empregarán para avaliar a consecución do bo estado ambiental da zona, de acordo coa directiva marco da estratexia mariña (DMEM) e coas actuacións de protección e recuperación da biodiversidade contempladas no FEMP.



CVE: EsvBiyljO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



A información contida nos indicadores e os resultados poden ser entregados ao longo do ano de vixencia dos plans de xestión. Deste xeito, os resultados dos indicadores e a información asociada non serán incluídos nos plans de xestión. No seu lugar, incluirase unha Avaliación da Información Ambiental do plan en forma de táboa resumo dos indicadores completados ata a data de presentación do plan e dos que se completarán ao longo do período de vixencia desta.

Lembrase que cando se cumprimente a táboa relativo ós indicadores ambientais (anexo 5.2.1) non se cubran os cadros sombreados.

## 10. PERSPECTIVA SISTÉMICA

Indicarase a relación do plan con cada un dos compoñentes da perspectiva sistémica: biodiversidade, uso do territorio, cambio climático e infraestrutura verde (azul, no medio mariño).

En https://mar.xunta.gal/gl/o-mar/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidadefigura unha guía para a valoración da perspectiva sistémica dos plans de xestión, que contén o marco conceptual de cada un dos catro compoñentes da perspectiva sistémica. Na guía inclúense as definicións dos diferentes conceptos, así como as variables de cada concepto a ter en conta á hora de avaliar os plans dende o punto de vista da perspectiva sistémica.

Na guía de avaliación da perspectiva sistémica tamén se amosan algúns exemplos de accións tipo dentro dos plans de xestión. Non se trata dunha revisión exhaustiva senón de amosar exemplos de aplicabilidade da guía ás accións máis comúns que poderían conter os plans de xestión.

## 11. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA UNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS

No plan poderase contemplar a realización de accións formativas para unha mellor xestión e conservación dos recursos marisqueiros, así como actividades de diversificación da actividade marisqueira.

No plan deberá especificarse a temática das actividades e as persoas encargadas de impartilas ou de levalas a cabo.

## 12. ACTIVIDADES DE DIVERSIFICACIÓN DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA COA FORMULA DE TURISMO MARIÑEIRO.

Ao abeiro do plan de xestión poderán desenvolverse actividades de turismo mariñeiro de acordo co recollido nos artigos 112 e 113 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia.

De ser o caso, farase unha descrición das actividades, da súa organización e do modo de control e xustificación para as persoas que as desenvolvan. A achega desta información será necesaria para



CVE: EsvBiylJO6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 *Santiago* de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



que o exercicio das xornadas dedicadas ao turismo mariñeiro por parte dos participantes do plan que coincidan con xornadas de extracción poda computar aos efectos de cumprir os requisitos de actividade suficiente para a renovación dos permisos de explotación a pé.

## 13. PLAN FINANCEIRO

O plan financeiro reflectirá os gastos e ingresos necesarios para as actuacións incluídas no plan de xestión, é dicir, para o sostemento do plan e, polo tanto, para a súa viabilidade.

Se as entidades deciden establecer cotas para o sostemento do plan, estas deberán vir recollidas no plan financeiro.

## 14. VALORACIÓN

**14.1** As xefaturas territoriais remitirán as propostas coas condicións de aprobación dos plans de xestión por correo electrónico ás entidades, que poderán **achegar alegacións ao Servizo de Xestion dos Recursos Marisqueiros nun prazo máximo de 3 días naturais, á seguinte dirección: servizo.marisqueo@xunta.gal.**

**14.2** Cando os contidos dos plans de xestión non se axusten ao disposto na normativa vixente, ou non sexa viable por contradicir os criterios do persoal técnico da administración, poderán introducirse as modificacións que se estimen oportunas, para acadar unha máis racional explotación dos recursos.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(Sinatura electrónica)

**Asinado por:** RODRIGUEZ CARBALLO, SUSANA
**Cargo:** Directora Xeral
**Data e hora:** 31/08/2020 11:42:57

CVE: EsvBiyljO6
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve